

Regulamento 10/2025, do 4 de novembro de 2025, do Consello de Goberno, sobre mobilidade do persoal investigador saínte e visitante na Universidade da Coruña

PREÁMBULO	1
TÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Obxecto	2
Artigo 2. Ámbito de aplicación.....	2
TÍTULO II. Persoal investigador saínte.....	2
Artigo 3. Definición	2
TÍTULO III. Persoal investigador visitante	2
Artigo 4. Definición	2
Artigo 5. Requisitos.....	3
Artigo 6. Trámites previos á estadía	3
Artigo 7. Xestión á chegada a UDC	4
Artigo 8. Duración da estadía.....	4
Artigo 9. Obrigas e condicións económicas	4
Artigo 10. Dereitos	5
Artigo 11. Trámites ao rematar a estadía.....	5
Artigo 12. Propiedade intelectual e industrial.....	5
Disposición transitoria única. Adaptación das estadías en curso	5
Disposición derogatoria única. Derrogación normativa	6
Disposición final primeira. Habilitación regulamentaria	6
Disposición final segunda. Entrada en vigor	6

PREÁMBULO

A Universidade da Coruña, conforme os seus Estatutos, ten o deber de fomentar a investigación científica, impulsando a colaboración con outras universidades e centros de investigación. Dado o número crecente de solicitudes para realizar estadías investigadoras en instalacións universitarias, faise necesario regular a mobilidade investigadora na Universidade da Coruña.

Este regulamento ten como finalidade dar acollida e proporcionar seguranza xurídica tanto á Universidade como ao persoal investigador que desexe realizar estadías de investigación.

TÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Este regulamento ten por obxecto establecer as condicións para as estadías oficiais das persoas investigadoras visitantes e saíntes na Universidade da Coruña (UDC).

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Considerarase persoal investigador visitante quen, pertencendo a entidades externas á UDC, realice unha estadía investigadora temporal na Universidade sen ter unha relación funcional ou laboral con esta.
2. Considerarase persoal investigador saínte quen, tendo un vínculo funcional ou laboral coa UDC, ou estando adscrita/o a esta, realice unha estadía investigadora temporal nunha entidade externa á Universidade.
3. As persoas investigadoras visitantes, cuxa mobilidade estea regulada por programas, convenios ou acordos específicos entre a institución de orixe e a UDC, rexeranse polas condicións destes. Este regulamento aplicaráselle só, con carácter supletorio, naqueles aspectos non regulados especificamente.
4. A mobilidade do estudiantado de doutoramento que realice estadías temporais para desenvolver investigación relacionada coa súa tese, rexerase pola normativa vixente en materia de mobilidade internacional do estudiantado e de estudos de doutoramento da UDC.

TÍTULO II. Persoal investigador saínte

Artigo 3. Definición

1. Toda persoa adscrita ou vinculada á UDC mediante unha relación funcional ou laboral que realice unha estadía temporal de investigación nunha entidade externa, nacional ou internacional, terá que comunicalo ao Equipo de Xestión da Investigación (EXI). A estadía deberá ter unha duración mínima dunha semana e máxima dun ano. As estancias por participación en congresos, xornadas ou similares non estarán incluídas na aplicación deste regulamento.
2. Unha vez rematada a estadía, e dentro dos 15 días naturais seguintes, a persoa investigadora saínte terá que remitir un documento acreditativo da estadía, agás nos casos en que esta fose xestionada pola UDC, caso das estadías financiadas a través das axudas á internacionalización da UDC ou mediante mobilidade Erasmus, entre outras.

TÍTULO III. Persoal investigador visitante

Artigo 4. Definición

1. Poderá ter a condición de persoa investigadora visitante quen pertenza a universidades, centros de I+D+i, organismos de investigación ou outras entidades nacionais ou estranxeiras onde se realice actividade investigadora.

2. O persoal investigador visitante deberá desenvolver a súa actividade investigadora, en colaboración co persoal investigador da UDC, nos termos fixados entre as partes, sen requirirse un acordo formal entre as institucións. O único requisito obrigatorio será a súa inscrición no Rexistro do Persoal Investigador Visitante da UDC.

A UDC non asumirá compromisos económicos nin ofrecerá bolsas pola mera condición de visitante, aínda que expedirá un certificado de estadía se así se solicita.

3. A estadía temporal de investigación na UDC non modificará nin alterará a relación xurídica do persoal investigador visitante coa súa entidade de orixe, senón que continuará estando baixo a súa organización e dirección, e manterá a súa dependencia directa e suxeición ao réxime xurídico aplicable.

Artigo 5. Requisitos

Para podes realizar unha estadía investigadora na UDC, a persoa investigadora deberá:

- a) Contar coa conformidade dun membro do persoal docente e investigador (PDI) e/ou persoal investigador da UDC, que será a persoa responsable da estadía, e que garantirá a viabilidade da estadía e da investigación prevista.
- b) Comprometerse a cumprir a normativa propia da UDC durante a súa estadía, en especial no relativo a igualdade e diversidade, a prevención de riscos e protección, a propiedade intelectual, a protección de datos.
- c) Contar cun seguro de asistencia sanitaria, de accidentes e de responsabilidade civil.

Artigo 6. Trámites previos á estadía

1. A persoa da UDC responsable da estadía deberá presentar unha solicitude de admisión, en que indique os datos da persoa investigadora visitante, o centro de investigación/facultade/escola onde desenvolverá a súa investigación (co visto e prace da dirección), e o financiamento da estadía (bolsa, subvención, ou compromiso de autofinanciamento). No caso de persoas extracomunitarias, deberase anexar tamén unha copia do pasaporte.

2. Todas as solicitudes presentaranse con antelación suficiente á data prevista para o inicio da estadía.

3. Tras a aceptación da estadía, as persoas investigadoras visitantes recibirán unha carta oficial de invitación. As persoas investigadoras extracomunitarias poderán empregar esta carta para solicitar o visado e servirá, segundo a lexislación vixente, como documentación acreditativa de estar admitidas nun centro recoñecido oficialmente en España.

4. A persoa visitante extracomunitaria será responsable de tramitar o seu visado segundo os prazos e requisitos que esixa a lexislación vixente.

5. Antes da chegada á Universidade, a persoa visitante deberá remitir por correo electrónico a seguinte documentación:

- a) Documento que acredite a concesión dunha bolsa ou subvención para financiar a estadía, ou, no seu defecto, unha declaración de compromiso de autofinanciamento.
- b) Copia do DNI ou pasaporte.
- c) Copia do visado, se procede.
- d) Certificado ou xustificante de ter contratado un seguro médico ou, no seu caso, a copia da tarxeta sanitaria europea.
- e) Certificación do seguro de responsabilidade civil contratado, se procede.

6. A Universidade da Coruña non asumirá ningunha responsabilidade derivada da cobertura médica ou da responsabilidade civil durante a estadía da persoa visitante.

Artigo 7. Xestión á chegada a UDC

1. Á súa chegada, a persoa investigadora visitante deberá informar ao EXI do comezo da estadía, que tramitará a súa inscrición no Rexistro do Persoal Investigador Visitante da UDC.

2. A persoa investigadora visitante internacional deberá manter en regra en todo momento a súa documentación para a súa estadía en territorio español e presentala na Oficina de Relacións Internacionais (ORI) da UDC, se así se lle require.

Artigo 8. Duración da estadía

1. A condición de persoal investigador visitante manterase durante o tempo que dure a estadía investigadora.

2. A duración mínima será dunha semana e máxima, dun ano. Poderá ampliarse máis aló dos 12 meses, de forma excepcional e por causas debidamente xustificadas, mediante unha solicitude dirixida ao EXI e presentada antes de que remate o prazo inicialmente autorizado.

3. O incumprimento da normativa da UDC por parte da persoa visitante comportará a revogación da autorización da estadía. A UDC resérvase o dereito de anular esta autorización en calquera momento.

Artigo 9. Obrigas e condicións económicas

1. A estadía non suporá relación laboral coa UDC e comportará as seguintes obrigas:

- a) Coñecer, cumprir e facer cumprir a normativa da UDC naquilo que lle afecte; respectar, no exercicio da investigación, as instalacións e patrimonio da Universidade; e, seguir as indicacións da persoa anfitroia ou titora, no caso de persoal investigador visitante predoutoral, especialmente en materia de prevención de riscos laborais.
- b) Cumprir as normas de funcionamento do grupo ou centro onde se desenvolva a actividade, adaptando a organización do traballo ás necesidades daquel.

c) Manter a confidencialidade sobre a información que se reciba no marco da súa colaboración co persoal investigador da UDC.

d) Citar a UDC en publicacións, achegas a congresos ou calquera outro resultado derivado da estadía como persoa investigadora visitante da UDC.

2. A UDC non adquirirá ningún compromiso de remuneración pola estadía, nin cubrirá os gastos propios da viaxe, aloxamento, seguro médico, manutención ou de calquera outro gasto derivado da estadía.

Artigo 10. Dereitos

O persoal investigador visitante da UDC, unha vez autorizado e rexistrado, poderá acceder e/ou utilizar os servizos xerais da Universidade –como a biblioteca, os sistemas de comunicación e de apoio á investigación– nas mesmas condicións que o persoal da UDC cunha categoría equivalente ou asimilable. Este acceso estará suxeito ao procedemento de solicitude que se estableza e sempre que non exista ningunha normativa que o impida.

Artigo 11. Trámites ao rematar a estadía

Ao finalizar a estadía, as persoas investigadoras visitantes inscritas no Rexistro do Persoal Investigador Visitante poderán solicitar á vicerreitoría con competencias en materia de investigación unha certificación oficial da estadía, que incluíra os datos da persoa investigadora, as datas e a duración da estadía, o tema obxecto da investigación e o nome da persoa investigadora anfitroia ou titora.

Artigo 12. Propiedade intelectual e industrial

1. O dereito de autoría intelectual dos traballos corresponderá á persoa investigadora nos termos establecidos pola normativa da UDC.

2. Calquera resultado de investigación que derive das actividades desenvolvidas na UDC pola persoa investigadora susceptible de explotación económica ou protección como dereito de propiedade industrial ou intelectual, deberá notificarse tanto á entidade de orixe como á UDC.

3. Ambas as entidades acordarán a fórmula máis axeitada para a protección dos devanditos resultados de investigación, como propiedade industrial, segredo industrial, propiedade intelectual etc.

4. Na UDC, a xestión da titularidade, a notificación, a participación de beneficios ou a xestión dos dereitos susceptibles de explotación económica, axustarase ao que dispoña a normativa xeral e interna que lles resultar de aplicación.

Disposición transitoria única. Adaptación das estadías en curso

As persoas que estean a realizar estadías de investigación na UDC na data de entrada en vigor deste regulamento deberán presentar no EXI a documentación indicada no artigo 6.1, nun prazo de 15 días hábiles desde o día seguinte á súa entrada en vigor e sempre antes da fin da estadía.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Queda derogado o Regulamento de investigadores/as visitantes internacionais da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello de Goberno do 27 de marzo de 2014 e modificado polos consellos de goberno do 29 de setembro de 2015 e do 23 de xullo de 2019, e cantas normas de inferior ou igual rango que se opoñan ao previsto neste regulamento.

Disposición final primeira. Habilitación regulamentaria

Habílitate a vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia para desenvolver este regulamento e interpretar as dúbidas que poidan xurdir na súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad